

## O Castelo de Darvo (Darbo)

---

Segundo o Boletín da Real Academia Galega coa data de 1 de setembro de 1926, dinos que o castelo (fortaleza) de Darvo (Darbo) estaba emprazado no Castro de dita parroquia; e que fora feito polo Patriarca Alonso de Fonseca. Esta información despréndese do relato testemuñado do proceso contra o susodito patriarca.

Se analizamos esta información e traémola in situ a Cangas (Darbo), podemos situar este castelo en dous puntos diferentes. Primeiro, no monte do Castro, como se coñece, e segundo no chamado monte do Bispo, que se atopa ó lado do Libreiro.

Se se segue a pista de dita fortaleza a través do que nos conta López Ferreiro na súa Historia da S.A.M. Igrexa de Santiago, veremos que dito castelo é anterior ó que nos cita o Boletín Oficial da Real Academia Galega; e se nos atemos ó estudio, realizado por José Couselo Bouzas, da "Guerra Irmandiña do século XV", veremos que o castelo é posterior ó mencionado por López Ferreiro.

Aínda que Couselo cre que, o que di o Patriarca que o está facendo, débese entender reedificando.

Ben sexa anterior ou posterior, para nós cangueses, ámbalas informacións son moi valiosas para o coñecemento da nosa historia local.

Primeiro imos expoñer o que nos conta A. López Ferreiro a través dos libros da Historia da S.M. igrexa.

Estando dona Urraca en guerra co Rei de Aragón, e ó non ser capaz da calmar a discordia e confusión que había entre os seus súbditos de Castela e León, veuse na necesidade de rehabilitar o seu prestixio e autoridade. Por iso, marchou a Galicia e, onde confiaba encontrar recursos suficientes para loitar con vantaxe sobre os aragoneses.

Dona Urraca chegou a Santiago no ano 1112. Neste mesmo ano convocou as Cortes en Santiago, onde asistiron os magnates de Galicia e tódolos que tiñan señorío ou exercían unha xurisdición. Tamén algúns cabaleiros casteláns, que acompañaban á Raíña, facíannos.

Dona Urraca expuxo, sen preámbulos, as causas polas que foran chamados e quería saber se podía contar con eles para facer a guerra ó monarca aragonés e podelo expulsar de León e Castela. Tódolos presente deron un si á Raíña.

Considerando a Raíña que xa estaban saíndo de Galicia, aconsellou a Don Diego Xelmírez que, polo que puidese ocorrer, dese a volta a Galicia e permanecese en Santiago.

Non tódolos galegos que ían baixo as bandeiras de dona Urraca prestábanse de boa vontade a afastarse da súa patria. O cabaleiro Pelaio Gudesteiz con Rabinaldo Muñiz, desertores ambos, foron buscar a Arias Pérez (chamado "Príncipe dos inquietadores e dos revoltos") e a tódolos amigos deste.

Todos de común acordo, decidiron declararse partidarios do Rei de Aragón. Como Galicia estaba desguarnecida de forzas, fixéronse donos de media Galicia. As bisbarras do Ulla e Miño tíñannas totalmente dominadas. Nos seus castelos enarboraba a bandeira aragonesa.

Non lle foi fácil a don Diego Xelmírez, que coa axuda do seu irmán Munio, dominar ós insurrectos, que se viron obrigados a refuxiarse nos montes; mentres que Pelaio Gudesteiz e Rabinaldo Muñiz, encerráronse nos castelos de San Pelaio e Darbo.

Enterada disto dona Urraca, non tardou en escribir ó Bispo de Santiago para que non desistise ata desaloxar ós rebeldes das últimas trincheiras.

Na carta entre outras cousas dicía: "...resta agora que cerquedes os Castelos de San Pelaio de Luto e Darbo e as demais fortalezas nas que se teñen refuxiado Pelaio Gudesteiz, Rabinaldo Muñiz e eses malvados. Isto é o que vos rogo e pido con encarecemento. E se Deus vos concede, pola intercesión de Santiago, que vos apoderedes de ditos castelos e expulsedes deles ós rebeldes, deixo a vosa prudencia que os reteñades no voso poder, ou que confiedes a súa custodia a algún dos meus cabaleiros, que os conserven para o meu servizo e para o do meu fillo Rei Alfonso. Conservádevos ben, e non demoredes poñer canto en execución queda dito" (Historia Compostelana, Libr. I cap. LXXV).

Recibida esta carta, don Diego Xelmírez non parou ata satisfacer tan cumpridamente, como lle foi posible, os desexos da Raíña.

Recrutou don Diego tropas necesarias para sitiar ós rebeldes por terra. Tamén chamou ós irienses para que coas súas naves os batesen por mar.

Os planos de don Diego víronse dificultados na súa execución.

Por aqueles días arribara ás costas, unha flota inglesa que se encamiñaba a Palestina. Pelaio Gudesteiz e Rabinaldo Muñiz entendéronse con estes estranxeiros, contratáronos como mercenarios e co seu auxilio, roubaron e saquearon.

Os irienses que viñan por mar, recalaron na Lanzada e incorporáronse mariñeiros deste porto, o cal gozaba de boa sona e eran peritos en materia náutica.

O primeiro castelo asaltado foi o de San Pelaio. Houbo unha batalla entre os ingleses e os barcos de don Diego Xelmírez. Nada puido resistir á bravura dos irienses e lanciatenses que se apoderaron das naves inglesas e fixeron prisioneiros ós ingleses.

Mentres tanto, o castelo de San Pelaio era asediado e sitiado tanto polas forzas dos revoltosos como polas do Bispo.

Entón, don Diego Xelmírez seleccionou algunhas hostes, uns a pé e outros a cabalo e ordenoulles que marchasen a présa, sitiasen tamén o castelo de Darvo (Darbo), onde estaba escondido Rabinaldo Muñiz co seu grupo de traidores.

Tamén o Bispo formaba parte de dito exército. Así, obsesionado pola conquista de ámbolos castelos, el mesmo dirixe toda a maquinaria de guerra (béstas, trabucos e demais medios destrutivos) para sitiar os castelos.

As xentes do interior do castelo, observaban a pertinaz constancia dos enviados polo bispo, os cales non desistían do seu propósito inicial, desesperábanse ante a imposibilidade de resistencia. Rabinaldo Muñiz, escoitando o sentir dos seus secuaces, tivo medo ante a rendición, por se acaso se vingaban del e da súa familia, cedeu a súa propiedade do castelo de Darbo ás milicias do bispo, xa que isto constituía a súa última esperanza.

Os castelos de Darvo e San Pelaio de Luto rendéronse ambos o mesmo día.

Dono das fortalezas, don Diego Xelmírez, puxo neles alcaides que os gobernasen en nome da Raíña e o seu fillo Alfonso (Historia Compostelana, Libro I, cap. 77).

Xa no mandato do Arcebispo don Pedro Suárez, sábese que o castelo de Darvo aínda non pertencía á Mitra compostelana.

Don Pedro ten moitas relacións co Rei e, á súa vez, influencia no monarca no tocante ó ámbito político-social. O Arcebispo soubo de tal modo granxear a benevolencia e afecto do rei don Fernando II, que este doa á igrexa de Santiago o castelo de Darvo en 1184. (Historia da S.A. Madre Igrexa de Santiago, tomo IV)

Don Alfonso IX, ó casar coa princesa Berenguela no ano 1197, deulle como arras varios castelos, e entre eles o de Darvo (Darbo), que pertencía a Mitra compostelana.

A Sé compostelana quedou vacante do ano 1266 ó 1237, ano no que foi nomeado arcebispo don Gonzalo Gómez, pero os burgueses non quixeron recoñecelo e, a isto, sobreveu a loita. Alfonso X mandou tropas contra o Arcebispo e, aínda que interveu o Papa Nicolás III, nada se puido arranxar; o Rei apoderouse do Señorío temporal dos castelos de Lobeira, Xallas, San Pelaio, Daravo, Cotovade, etc... (Historia de Galicia, Vicente Risco).

Cando o fillo maior de Alfonso X, don Sancho, o cal sublevouse contra seu pai, e ó ser proclamado Rexente do Reino nas Cortes de Valladolid, no ano 1282 devolveu tódolos castelos que o seu pai Alfonso X retirara á Mitra Compostelana, entre eles o castelo de Darbo.


No mandato de don Sancho, a diócese de Santiago sería administrada por don Martín Fernández. (Historia da S.A. Madre Igrexa de Santiago)

Don Antonio Cerviño González no seu libro "Las guerras feudales en Galicia", di que no ano 1484, o conde de Camiña foi comer a Cangas "monllos de reforta", levando consigo homes. Pedro Álvarez de Soutomaior (Madruga) non puido comer os famosos "monllos da reforta" e tivo que abandonar o seu propósito nunha lamentable fuxida.

O mesmo, afirmanos don Gaspar Massó no seu libro "Pedro Madruga de Soutomaior. Caudillo Feudal", e aínda amplía máis, a súa fuxida foi a causa do abandono polo conde de Camiña do seu castelo de Darbo.

Por estes dous relatos podemos apreciar que ata a data estivo en pé dito castelo, e un dos posuidores do mesmo.

Se agora pasamos ó ano 1467 di Victoria Armesto no seu libro "Galicia Feudal", que a II Guerra Irmandiña comezou alá por mediados do século XV; o que supón que ata esa data aínda estaba en pé o castelo de Darbo.



Continuando a descrición que nos fai o Boletín da Real Academia Galega, podemos facer idea de como era o noso castelo. Di que dita fortaleza tiña unha casa, e esta estaba circundada por unha muralla con dous ou tres torres e cubos ó redor, toda ela feita de pedra de canto. Dentro deste perímetro tiña unhas casas con cercado de madeira arredor. As súas torres eran pequenas (torrelas), pero de defensa.

Segundo o relato que fai o centro irmandiño pontevedrés o castelo ou fortaleza de Darabelo ou Darbo estaba entre os que destruíran. No estudio feito por José Couselo Bouzas en “Estudios Galleqos de la Guerra Hermandina, S. XV”, non encontra ningunha noticia da destrución do castelo de Darbo.

Se a irmandade pontevedresa tiña un deputado cangués, Pedro García de Cangas, pescador, non fai referencia ós ditos testemuñais, é porque os irmandiños non derribaron a fortaleza; e, se a derribaron, non quedou constancia escrita ningunha, senón falaría dela nos relatos testemuñais do proceso Taveira-Fonseca.

Na exposición feita polo Instituto Xeográfico Nacional e Patronato do Museo Provincial de Pontevedra, en memoria do xeógrafo pontevedrés Darío Fontán, aparecían varias cartas que nos amosan o castelo en Cangas (Darbo). Ditas cartas son: GALLAECIA REGNUM (anónima, século XVI) e REYNO DE GALICIA I.B. Vrintis (finais do s. XVI). Por elas pódese testemuñar que aínda daquela quedaba en pé a fortaleza.

*(Continuará)*

**(Publicado en “Tradicional Romaría de Darbo”. Setembro, 1997)**